

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DO BARCO DE VALDEORRAS DE 8 DE NOVEMBRO DE 2012

Na Casa Consistorial do Concello do Barco de Valdeorras, sendo as 19:05 horas do 8 de novembro de 2012, baixo a Presidencia do alcalde-presidente Don Alfredo Laudelino García Rodríguez, reúnense no salón de sesións a Corporación Municipal do Concello do Barco de Valdeorras, aos efectos de realizar a sesión ordinaria convocada para o día da data, os seguintes señores/as:

D. Eduardo Ojea Arias
D. Miguel Neira Ojea
D^a Natalia Álvarez Diéguez
D^a María Mercedes Ana Moldes Ares
D. Luis Victorino Arias Fernández
D. Aurentino Alonso Araújo
D. Julio Fernández Arias
D^a María Irene Dacal Feijoo
D. Moisés Blanco Paradelo
D. Arsenio Moldes Gómez
D. Carlos Javier Crespo Díaz
D^a Nieves Rodríguez Voces
D^a María Estela Delgado Fernández
D. Antonio Melo García
D^a Manuela Rodríguez Vázquez

Non asiste D. Vitor Manuel Sierra Nieves, cuxa ausencia é desculpada polo alcalde, ao estar traballando fóra do termo municipal, resultándolle imposible chegar en hora.

Interveu como secretario D. Jesús Tallón García. Concorre o interventor D. José Manuel Muñoz Domínguez.

Declarado aberto o acto polo Sr. alcalde-presidente, procédese ao estudo dos asuntos incluídos na orde do día.

1º Acta do Pleno da sesión celebrada o día 4 de outubro de 2012.

Pregunta o Sr. Alcalde si hai algunha observación que facer á acta da sesión celebrada polo Pleno o día 4 de outubro de 2012.

Concédeselle a palabra ao voceiro do Grupo municipal do Partido Popular, don Moisés Blanco Paradelo, que tras dar as boas tardes di que ata agora estaban acostumados a que se recollera na acta da sesión plenaria todo o que se falaba literalmente e agora comprobamos que houbo cousas, nalgúns preguntas ou afirmacións, que non están recollidas tal e como se dixeron, e pide que sirva como rogo que dende o seu Grupo lles gustaría que, xa que se gravan os plenos, se recollan, na medida das posibilidades, todas as intervencións tal e como se realizan xa que ás veces teñen importancia as frases tal e como se din.

Fai uso da palabra o alcalde que di que o rogo, como é un tema da acta, consta neste punto e lóxicamente haberá que ver qué pasou.

2º Aprobación, se procede, do ditame da Comisión de Patrimonio, Facenda, Contas e Promoción Económica, sobre a modificación do acordo plenario regulador das retribucións dos concelleiros, para recoller a renuncia do Alcalde á paga extraordinaria de decembro para o exercicio 2012.

Pola Alcaldía dáse conta do ditame da Comisión informativa de patrimonio, facenda, contas e promoción económica, celebrada o día 5 de novembro de 2012, sobre a renuncia do Alcalde á paga extraordinaria de decembro para o exercicio 2012. Di o alcalde que o asunto xa foi explicado na Comisión de facenda.

Concédeselle a palabra ao voceiro do Grupo municipal do Partido Popular, don Moisés Blanco Paradelo, quen di que cita á escritora ferrolá Concepción Arenal, cando di que a caridade é un deber e a elección da forma un dereito, que o alcalde optou por unha forma coa que o seu Grupo non está de acordo, aínda que pensan que é un xesto positivo e solidario, e que lles gustaría que ese xesto fora en calidade de cidadán do Barco e non darlle toda a publicidade que se lle leva dando ó asunto. Di o concelleiro que o alcalde recoñeceu que non quería perder diñeiro por aquilo que non ía a percibir, ou sexa pagar imposto polo que non ía a percibir, polo que quedou demostrado que o alcalde estivo pensando de qué forma ía facer a renuncia á paga extraordinaria, evidentemente co menor custo económico para el, e que ese fondo institucional se podería ter evitado. Di que o alcalde sabe que non lle quedaba outra opción que renunciar á paga pois a súa profesión é a de profesor, funcionario, polo que de estar exercendo agora non tería a opción de deixala ou de dala, quedaría sen ela como o resto dos

funcionarios, e que ética, moral e politicamente tiña que renunciar a esta paga polo cargo que desempeña actualmente. Prosegue o Sr. Blanco dicindo que en definitiva o alcalde sabía que este feito era obrigado, polo dito anteriormente, pero que o seu Grupo non comparte a forma de facelo e que o seu Grupo ten feito iniciativas similares e pon como exemplo que no primeiro Nadal desta lexislatura tivo o seu xesto solidario doando as asistencias do Pleno e non lle deron publicidade, e que desde que en xullo se aprobou o decreto decidiron aportar o seu grao de area como solidariedade cos traballadores e co momento no que se está vivindo, doando o que cobren pola asistencia á sesións plenarias, e que ademais invita a que todos os compañeiros da Corporación o fagan, aínda que o señor alcalde di que os que teñen dedicación exclusiva ó cobrar menos de mil euros non están obrigados, xa que pensan que a caridade non é obrigación. Di o concelleiro que as formas son moi importantes nestes casos e eso é o que o seu Grupo censura, non o feito en si nin quen o reciba, xa que tamén hai outras formas de facelo, como fixeron outros alcalde e que outra opción era incrementar a partida xeral de emerxencia social. Remata dicindo o Sr. Blanco que o seu Grupo vai votar a favor da proposta, pois non van permitir que coa abstención, aínda que se explique ben, se poda entender que non apoian a Cáritas, e remata o concelleiro dicindo que cita ao dramaturgo Pierre Corneille cando di que a maneira de dar vale máis que o que se da.

Concédeselle a palabra o voceiro do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Ojea Arias, que fai uso dela para dicir que non sabe que se está a valorar, xa que a el non lle pediron permiso para quitarlle a paga extra, pero o que está claro é que van quitar unha paga que non a teñen porque quitar. Di que a polémica está en que o alcalde vai doar o diñeiro que tiña que cobrar e que cre que o problema é porque teñen que quitar ese diñeiro ós funcionarios.

Fai uso da palabra o Sr. alcalde para dicir que o portavoz do PP mestura as cousas, agradecéndolle as citas literarias porque di que sempre veñen ben. Di o alcalde que en relación co tema da renuncia pensou o que tiña que facer dende o primeiro día, pero que el fai as cousas cando considera que teñen que ser. Di que el non se solidariza cunha entidade social senón que o fai cos traballadores do Concello que non van a cobrar a paga extra, pois a lei non lle obriga a renunciar a ela, pero que non quere ser diferente aos traballadores do Concello pois tamén el cobra do mesmo. Di que había dúas opcións ó non cobrar ese diñeiro, unha que quedara nas arcas do Concello, como a dos traballadores, e outra darllo a unha entidade que entende que entre todas as que hai é a que está na primeira liña e a que primeiro van os máis necesitados, que neste caso é Cáritas. Di o sr. alcalde que o voceiro do

PP está no seu dereito de levar o debate polo rumbo que queira pero que el non vai a entrar porque non hai máis co que acaba de dicir.

Solicita a palabra o Sr. Blanco Paradelo para dicirlle ó voceiro do Partido Socialista, que está de acordo con el, e que na propia exposición xa dixo que si o alcalde do Barco estivera exercendo a súa labor en educación non tería opción, como lle pasa aos funcionarios, a deixar a paga ou dala a quen queira. Di o voceiro do PP que ninguén pon en dúbida o labor de Cáritas, pois dende fai moitos anos que leva na Corporación o seu Grupo presentou iniciativas a favor de Cáritas, pero que hai máis entidades que están traballando e hai unha partida que é a de emerxencia social. Di que quere que quede claro a postura do PP, no sentido de que as maneiras son importantes e o alcalde elixiu esta de publicidade, de que se fale da súa solidariedade, cando podería elixir outra forma sen mesturar nin utilizar a institución e o cargo para facelo.

Di o sr. Alcalde que a decisión íaa a ser cualificada de mala tanto facéndoa así como se non se fai. Di que pensa que o PP estaba esperando que non se tomara ningunha iniciativa e logo criticar que o Alcalde cobraba a paga extra, pero como non foi así tamén o critican. Di o alcalde que ten gracia que diga o voceiro do PP que se busca a foto, rematando dicindo que unha das razóns de que non se fixera pública a renuncia á paga, foi que nos meses anteriores houbo eleccións.

Rematado o debate a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos dezaseis concelleiros asistentes o Pleno do Concello acorda:

A retención do crédito correspondente á unha paga de salario de dedicación exclusiva do Alcalde polo importe neto de 2.168,78 €. O importe neto da paga correspondente ao mes de decembro do Alcalde, unha vez deducido o compoñente extraordinario da mesma, será o mesmo que o correspondente a calquera outro mes do ano 2012. O crédito retido será destinado ao financiamento dunha transferencia de crédito á partida de subvencións correspondente a entidades de interese social (2012 – 230/48003) e concretamente, a incrementar o importe da subvención nominativa á entidade de interese social CÁRITAS, para o que será necesaria a previa tramitación dun expediente de transferencia de crédito e da correspondente modificación do anexo de subvencións .

Esta proposta deberá ser posta en coñecemento da Secretaría e da Intervención Municipal aos efectos do seu coñecemento, e para que emitan informe se o estiman conveniente.

Deberase publicar integramente no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación.

3º Aprobación, se procede, do ditame da Comisión de Patrimonio, Facenda, Contas e Promoción Económica sobre a aprobación do expediente de modificación orzamentaria transferencia de crédito 18/2012, e correspondente modificación do anexo de subvencións.

Pola Alcaldía dáse conta de que como consecuencia do punto anterior tense que facer unha modificación orzamentaria, diminuindo dunha Partida 2.168,78€ e incrementar esta cantidade noutra Partida de subvencións a institucións.

Sen máis intervencións, a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos dezaseis concelleiros asistentes o Pleno do Concello acorda:

1º.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación do Orzamento Xeral do Concello para 2012, mediante transferencia de crédito nº 18/2012, e correspondente modificación do anexo de subvencións, por un importe global de 2.168,78 €.:

FICHA DE TRANSFERENCIA PROPOSTA – expediente nº 18/2012

APLICACION ORZ. DIMINUCION	IMPORTE DIMINUCION	APLICACION ORZ. AUMENTO	IMPORTE AUMENTO
912/100.00 “Membros da corporación (organos de goberno)Retribucións altos cargos.	2.168,78 €	230/480.03 “Subvencións correntes a familiar e institucións sen ánimo de lucro”.	2.168,78 €
TOTAIS	2.168,78		2.168,78

2º.- De conformidade co establecido no artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, proceder á exposición dos presentes acordos e expediente ao público, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Ourense e no taboleiro de edictos do Concello, por 15 días hábiles, durante os cales os interesados segundo o artigo 170.1 da devandita norma poderán examinalos e presentar reclamacións ante o Pleno polos motivos indicados no artigo 170.2 da mesma.

3º.- Os expediente (transferencia de crédito 18/2012) entenderase definitivamente aprobado no caso de que durante o referido período de exposición pública non se presenten reclamacións.

4º Aprobación, se procede, do ditame da Comisión de Patrimonio, Facenda, Contas e Promoción Económica, relativo a aprobación do expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos 03/2012.

Pola Alcaldía dáse conta do ditame da Comisión informativa de patrimonio, facenda, contas e promoción económica, celebrada o día 5 de novembro de 2012, sobre o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos 03/2012. Di que se trata de 1.951€ correspondentes a facturas presentadas este ano por tres provedores, que son de gastos do ano 2011, e de pequenas facturas do ano 2010 que non se presentaran pola empresa administradora ata o 26 de xuño deste ano e polo tanto teñen que ir a recoñecemento extraxudicial para proceder ao pago das mesmas.

Pide a palabra o Sr. Blanco Paradelo, quen unha vez concedida di que en relación co que dixo anteriormente o alcalde respecto a que diga o voceiro do PP busca a foto ten gracia, e que quere puntualizar que ó alcalde lle gustaría que o PP non fixera rodas de prensa, nin criticase, pero que eles convocan aos medios igual que o fai a alcaldía, e se a prensa saca fotos será porque o consideran oportuno, que o que é buscar a foto é o que fixo o alcalde coa doazón da paga extra. Di que cando se convoca aos medios é para contar unha cousa, e que se á prensa lle pode parecer interesante ou non ou lle pode dar prioridade ou non, como lles pasa a todos.

Di o alcalde que entonces ao sr. Blanco non lle ten que molestar cando sae el na prensa. O sr. Blanco Paradelo di que a quen lle molesta todo é ó sr. alcalde. Di o sr alcalde que a el non lle molesta nada porque déixao falar de algo que non ten que ver co punto da orde do día. O sr. Blanco di que quen o deixa falar é a Constitución, respondéndolle o alcalde que o Pleno o dirixe el, que é quen da a palabra. Di o alcalde que el é tolerante, como o demostrou sempre, pero que tamén o sr. Blanco debe ser igual de tolerante.

O Sr. Blanco Paradelo segue facendo uso da súa quenda de palabra e di que este expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito é un máis que pon de manifesto a falta de control no gasto e os erros na xestión. Di que cando falan de gastos de exercicios anteriores o alcalde sempre di que está todo pagado e non se debe nada, pero despois aparecen recoñecementos extraxudiciais por pagos de anos anteriores e bótalle as culpas á falta de

persoal, ó programa informático, etc., pero nunca admite que sexa culpa do equipo de goberno. Di o concelleiro que hai dous temas dentro do expediente que lle preocupan moito, un é referido ás facturas dun determinado establecemento, que son facturas de dous, catro euros, xa que considera que eso non é normal, e que ten que existir un control de gasto mensual, e que outro tema que lle preocupa moito é o referido ao importe anual do contrato do centro de transformación da piscina climatizada, pois o xulga intolerable e sabe que é obxecto de reparo. Di que as prórrogas son indefinidas e eso non debe ser moi legal e que tamén por outro lado di que o informe fai referencia a que poderían ser gastos incluídos dentro do mantemento, ou sexa que poderían ser gastos que lle poderían corresponder á concesionaria, é unha cantidade que si se mira ben podería aforrala o Concello, polo que lle pide ó sr Alcalde que o estude e o comprobe. Prosegue dicindo o voceiro do Grupo municipal do Partido Popular que o que tamén chama a atención é que tendo un contrato asinado cunha empresa non se entende como non manda a factura ó finalizar o ano, que é un descontrol do gasto, e que ademais esa empresa remite en maio pasado a factura do ano anterior xunto coa deste ano, ou sexa que o Concello pagará o ano actual faltando medio exercicio por transcorrer, o que, sinala o concelleiro, non ten moito xeito é e un pouco chapuceiro, xa que se está a pagar un ano vencido e medio ano por adiantado. Di o Sr. Blanco que quere que o alcalde lle explique eso porque igual se está pagando algo que ó mellor non corresponde, pois pode entrar dentro dos gastos de mantemento da concesionaria, e que quere que tamén lle explique porqué se paga a factura anual a 30 de maio, sen que finalizara o ano.

O sr. Alcalde fai uso da palabra para dicir que o sr. Blanco Paradelo fai un debate estéril, e que calquera tema que se trate no pleno o obxectivo do Grupo Popular é dicir que isto é un desastre e unha falta de control, dando a impresión de que o encargado de dar explicacións de todo o exposto é o Alcalde, e non é así pois é a función dos traballadores municipais. Di que o que dixo o concelleiro sobre o contrato de mantemento é o que se está a estudar agora, pero que de momento o que lle dixo a Intervención é que se ía a pagar e despois xa se vería si se ten que cargar á concesionaria, porque pasou tamén coa Xunta que tiña que pagar algunhas cousas da piscina climatizada e ó final eludiu toda responsabilidade, deixando ó Concello con un montón de problemas en dita piscina. Di o alcalde que o control está en que a día de hoxe o departamento de Intervención non di que haxa ningunha factura que estea en situación irregular, e que en relación coa presentación de facturas mandóuselle fai catro anos unha carta a todos os provedores habituais, recordándolles a obrigaón que teñen de pasar as facturas aos 30 días como máximo de prestar o servizo e que de non ser así non se lles

pagaría, e a maioría fixo caso omiso da carta. Di que o que conta no funcionamento do Concello é que hoxe na sesión da Xunta de Goberno Local pagáronse facturas de finais de mes de setembro e algunha de outubro.

Pide a palabra o Sr. Blanco Paradelo, quen unha vez concedida di que o Alcalde dirixe o Concello dende hai trece anos e ten experiencia e un equipo e que o alcalde distribúe as áreas de goberno como decide e que debe poñer ós seus compañeiros de goberno a traballar no dito anteriormente e no control do gasto.

Contéstalle o Sr. Alcalde dicindo que os concelleiros non teñen que facer labores as que se referiu o voceiro do Grupo municipal do Partido Popular, xa que son cargos políticos non funcionarios deste Concello, que son cousas distintas.

Segue no uso da palabra o Sr. Blanco dicindo que se refire ó control no gasto, que aínda que o alcalde diga que hai control, pensa que unhas veces si e outras non, coincidindo neso ás veces os técnicos municipais. Di que como xefe de persoal o alcalde debe coordinar e dirixir aos funcionarios establecendo prioridades, e no relativo aos concelleiros todos teñen experiencia na política municipal para ter responsabilidades. Di que non se debe pagar a factura ata que transcorra o ano e que ao alcalde lle senta mal que a oposición diga que hai irregularidades, e que despois de todo o exposto non conte co voto afirmativo do PP neste punto.

Fai uso da palabra o Sr. Alcalde e di que o control que fan os concelleiros do gasto, e o alcalde tamén, ven demostrado en que en todos os exercicios que levan gobernando neste Concello a liquidación sempre foi positiva, ese é o control final, porque o que conta ó final é o montante total e cando ó ano seguinte se fai a liquidación sempre resulta que se gastou menos do que se ingresou, que ese é o verdadeiro control.

Rematado o debate, procédese á votación ordinaria, co resultado de que, por nove votos a favor (dos concelleiros García Rodríguez, Ojea Arias, Neira Ojea, Álvarez Diéguez, Moldes Ares, Arias Fernández, Alonso Araújo, Fernández Arias e Dacal Feijoo) e sete en contra (dos concelleiros Blanco Paradelo, Moldes Gómez, Crespo Díaz, Rodríguez Voces, Delgado Fernández, Melo García e Rodríguez Vázquez) o Pleno do Concello, acorda:

A aprobación segundo detalle da relación anterior levantando os reparos contidos no informe de intervención, por un importe de 1.951,37 € bruto e

1.951,37 € neto, tendo en conta que os traballos se atopan efectivamente realizados, polo que de non recoñecerse as obrigas se estaría a producir un enriquecemento inxusto por parte do Concello.

5º Aprobación, se procede, do ditame da Comisión de Patrimonio, Facenda, Contas e Promoción Económica, sobre declaración do dereito á bonificación do I.C.I.O. a solicitude de D. Ricardo Martínez Barros.

Fai uso da palabra o Sr. Alcalde para dicir que este punto e o seguinte son da bonificación do ICIO, cun 75%. Di que unha das bonificacións refírese a unha obra en Éntoma e a outra en Vilanova.

Non producíndose debate, en votación ordinaria e por unanimidade dos dezaseis concelleiros asistentes o Pleno do Concello acorda:

1º.- A declaración formal da obra solicitada por D. Ricardo Martínez Barros (R.E. 28 de agosto de 2012) de interese social e histórico-artística, por concorrer circunstancias de edificación de interese histórico artístico e cultural.

2º.- Proponer a Xunta de Goberno Local a concesión da correspondente bonificación do 75% do ICIO

6º Aprobación, se procede, do ditame da Comisión de Patrimonio, Facenda, Contas e Promoción Económica, sobre declaración do dereito á bonificación do I.C.I.O. a solicitude de D. Antonio Enériz Calvo.

Non producíndose debate, en votación ordinaria e por unanimidade dos dezaseis concelleiros asistentes, o Pleno do Concello acorda:

1º.- A declaración formal da obra solicitada por D. Antonio Enériz Calvo (R.E. 11 de setembro de 2012) de interese social e histórico-artística, por concorrer circunstancias de edificación de interese histórico artístico e cultural.

2º.- Proponer a Xunta de Goberno Local a concesión da correspondente bonificación do 75% do ICIO

7º Previa ratificación da súa inclusión na orde día, moción que presenta o grupo municipal do P.P. relativa á promoción do viveiro de empresas do Barco.

Trala ratificación da inclusión deste asunto na orde do día por unanimidade dos Concelleiros asistentes, o Sr. Alcalde concédelle a palabra o Sr. Blanco Paradelo, voceiro do Grupo municipal do PP, quen di que nun primeiro momento cando se incluíu a actuación no plan e mostraron dúbidas, crendo que se trataba dun gasto innecesario, pero que se aprobou pois o goberno ten a maioría. Prosegue dicindo que o seu Grupo colaborou coa proxecto e que así mostrou distintas iniciativas e propostas por exemplo procedemento de aprobación do regulamento, xa dixeron que era preciso dotar de contido ao proxecto e que no debate dos orzamento dixeron que eran precisas partidas para o viveiro, o que se demostrou xa que dende a súa posta en marcha soamente se atopa ocupado un dos dez locais dispoñibles. Di que na moción faise referencia a que se fixo unha difusión insuficiente e que as medidas a vista dos resultados parecen insuficientes, que o viveiro precisa dunha páxina web e que hai veciños que nin saben que é, que non hai un cartel identificativo, que se poden promover actos municipais e incluso levar algún servizo para as instalacións do viveiro.

A proposición presentada, copiada literalmente, di:

****PROGRAMA PARA LA PROMOCIÓN DEL VIVERO DE EMPRESAS DE O BARCO**

El pasado mes de mayo se constituía la Comisión de Valoración del viveiro de Empresas de O Barco, con la asistencia de todos los organismos y entidades que la integran: el Concello de O Barco, AEVA, Cámara de Comercio, Diputación y Xunta de Galicia. Esta misma sesión fue aprovechada para efectuar la valoración y aceptación del primer proyecto, y por unanimidad se acordó la adjudicación de un local al también primer viverista.

Transcurridos cinco meses desde la primera adjudicación, y pese a que en el propio mes de mayo se ha organizado un jornada informativa, la situación del vivero de empresas podemos afirmar que es la misma. Tan sólo ha sido ocupado un único despacho de los 10 disponibles.

Por ello, desde nuestro grupo consideramos que esta situación requiere de medidas de impulso y promoción, o dicho de otro modo, creemos que el Concello tienen que poner todos los medios a su alcance para conseguir que el vivero se convierta en un auténtico centro de trabajo y de iniciativas emprendedoras, sobretudo si nos referimos a una infraestructura pública que ha costado cerca de 500.000€ y que está prestando un servicio muy por debajo de sus posibilidades.

Para ello proponemos, que en colaboración con los diversas Instituciones y Entidades, se elabore un “Programa de Promoción del Vivero de empresas”. Una herramienta promocional, cuyo objetivo sea contribuir a posicionar, y ofrecer información, aglutinando los diversos sectores existentes, sobre las posibilidades y ventajas que nuestra Comarca ofrece para visitantes y potenciales inversores.

A nuestro modo de ver, algunas de las iniciativas importantes podrían ser:

- Creación de una **página Web** para promocionarlo en internet, en las redes sociales... Fotografíar el interior del vivero para que los interesados puedan ver las salas y los espacios de los que dispondrán para su trabajo.
- Organizar **Jornadas de divulgación** entre los jóvenes estudiantes y empresarios de la comarca.
- Instalación de un **letrero** o rótulo en la propia instalación y **señales informativas** sobre su ubicación.
- Dotarlo de contenido con la **organización de actividades** en el Vivero e implantación de algún **servicio municipal**.
- Talleres de sensibilización y motivación** para emprender y concursos escolares.
- Campaña de **Publicidad** y anuncios.

Por todo lo anteriormente expuesto, el Grupo Municipal del Partido Popular propone al Pleno de la Corporación la adopción del siguiente acuerdo:

- El Concello de O Barco se compromete a la elaboración de un programa para la Promoción del Vivero de Empresas de O Barco de Valdeorras.**

Concédeselle a palabra á concelleira delegada de promoción económica, turismo e comercio, Sra. Dacal Feijoo, que fai uso dela para dicir que cre que o PP confunde discreción con falta de traballo, que o Grupo de goberno prefire traballar responsablemente e dar a coñecer a xestión cando xa é unha realidade. Di que a moción presentada dá a entender que o viveiro de empresas está parado dende maio, dando un servizo moi por debaixo das posibilidades que ten, pero que teñen que recordar que as competencias en materia de emprego non son municipais o mesmo que a responsabilidade no incremento do paro, senón que son competencia do Goberno Central e do de Galicia, e o Concello traballa no tema do viveiro de forma moi intensa. Di a concelleira que dos oito locais para adxudicar aos emprendedores un está ocupado e dispónse xa doutros 5 proxectos máis que se atopan en fase de proceso administrativo, e que deses 5 están 2 bastante avanzados e parece que van ser fixos, outro xa presentou o proxecto e os demais están en estudo. Di a sra. Dacal Feijoo que no proxecto do Viveiro non só está involucrado o Concello senón que se asinou un convenio coa Cámara de Comercio para asesoramento e orientación aos emprendedores sobre o proceso, desenrolando a parte administrativa o Concello, polo que segundo a moción parece que tamén cuestionan o traballo da Cámara, que o Grupo

de Goberno pensa que é impecable. Di que non só os cinco proxectos dos que falou anteriormente son os únicos vistos, pois outros seis emprendedores interesáronse por instalarse no Viveiro, e que unha vez asesorados e informados decatáronse por outras opcións por diferentes razóns. Prosegue a concelleira dicindo que xa se levaron a cabo moitas das propostas que presenta o PP, como as xornadas de divulgación ou a instalación dun letreiro, e noutras como a creación dunha páxina web di que está previsto un enlace na páxina web do Concello con información específica sobre o viveiro, polo que lle sorprendente moito a moción presentada polo PP posto que se propoñen iniciativas que xa se realizaron, que respecto ao contido do edificio se xestionou que a Cámara de comercio se trasladara alí no momento en que o viveiro estea cheo, pero que dende o goberno municipal se pretende que se trasladen canto antes. Remata a sra. Dacal dicindo que lle sorprende a moción porque as iniciativas que propón xa se realizaron e porque non ten en conta outras iniciativas como o centro de produtos tradicionais e que por todo o exposto votaran en contra da moción presentada.

Pide a palabra o Sr. Blanco Paradelo, quen unha vez concedida di que a pesar de todo o que dixo a sra. Dacal Feijoo non pode enganar a ninguén, porque a xente ó pasar por diante do edificio do viveiro ve como está. Di o concelleiro que na moción non hai críticas, é a súa opinión persoal que á sra concelleira non lle gusta e que ademais non ten un tono negativo senón que é constructivo como a maioría das mocións que o seu Grupo presenta no Pleno. Di que a situación do viveiro de empresas é a mesma que a situación na que se atopa a praza de abastos na que o sesenta por cento dos postos están sen ocupar, que respecto da discreción a concelleira leva falando nove meses na radio e na prensa sobre o viveiro e que fala mais na prensa que na comisión, que cre que hai que insistir coas iniciativas e coas xornadas de difusión e pregúntase como é posible que non se prevea unha campaña de publicidade e que á concelleira lle parece innecesaria a difusión na rede de internet cando é un medio de difusión fundamental. Prosegue dicindo que o seu Grupo sempre apoiou iniciativas que presentou o Alcalde como a empresa que ía montar Cedie que segundo se dixo traería 200 postos de traballo, ou a empresa de biomasa no Polígono, pero a realidade é que non saíron adiante e deso ten responsabilidade o equipo de goberno. Di o Sr. Blanco que facer un programa para promover, impulsar, dinamizar e encher de vida o viveiro de empresas non depende do sr. Rajoy nin do sr. Feijoo senón que depende do Grupo de Goberno, e que lamenta que non queiran apoiar unha iniciativa constructiva.

Pide a palabra a sra. Dacal Feijoo, quen unha vez concedida di que o Sr. Blanco non ten dereito a dubidar do traballo que ela fai, porque non sabe o que traballa ou deixa de traballar nin a súa dedicación, que se fai difusión do viveiro e que non pode dar datos das xestións porque afectan a persoas que non queren que se difundan e que o viveiro funciona aínda que o Sr. Blanco non o vexa funcionar.

Fai uso da palabra o Sr. Alcalde quen di que está de acordo co que dixo a concelleira, que está informado das súas actuacións neste asunto e que en tres ou catro meses, se todo vai como cren que pode ir, haberá máis xente no viveiro de empresas e que si que si nun ano hai catro ou cinco salas ocupadas cre que non será unha mala xestión e que lle consta que houbo mais interesados pero que ao querer poñer cara o público o negocio non lles valía o viveiro e precisaban un local comercial.

Rematado o debate procédese a votación da moción presentada co resultado de que en votación ordinaria por nove votos en contra (dos srs. García Rodríguez, Ojea Arias, Neira Ojea, Álvarez Diéguez, Moldes Ares, Arias Fernández, Alonso Araújo, Fernández Arias e Dacal Feijoo) e sete votos a favor (dos srs. Blanco Paradelo, Moldes Gómez, Crespo Díaz, Rodríguez Voces, Delgado Fernández, Melo García e Rodríguez Vázquez) o Pleno do Concello non aproba a moción presentada.

FASE DE CONTROL AOS ÓRGANOS DE GOBERNO

1º Mocións urxentes

Di o Sr. Alcalde que non se presentaron mocións urxentes.

2º Rogos e preguntas

Pide a palabra o sr. Moldes Gómez para dirixirse ao sr. Alonso Araújo e dicir que non lles parece lóxico, razoable nin ético colocar propaganda electoral nas instalacións municipais, como na cancha de tenis ou varandas do Paseo do Malecón. Di que hai zonas nas que non se permitiu colocar publicidade, como por exemplo as luminarias da rúa Marcelino Suárez, e que ó seu partido nas pasadas eleccións xerais déuselle un prazo de 24 horas para retirar uns paneis de propaganda, pero que estivo cinco ou seis días a propaganda dun circo e ninguén lle dixo nada, que pensan que se debe tratar

a todos por igual. Di o concelleiro que esperan que nas futuras campañas electorais non se volva a repetir ese feito e solicitan o cambio desa normativa.

O sr. Alonso Araújo, concelleiro de Medio Ambiente, fai uso da palabra para dicir que tanto de propiedade municipal é no valado do Malecón como as vallas que hai no cruce de Facenda, e alí o PP tiña unhas pancartas como tiña o Partido Socialista. Di o sr. Alonso que nas varandas da cancha de tenis non colocaron propaganda porque non quixeron, en cambio no valado de peche do Centro de Saúde si que as colocaron e que é propiedade do SERGAS. Di o concelleiro que no relativo á propaganda nas luminarias da rúa Marcelino Suárez, decidiuse dende o primeiro momento non colocar alí ningunha bandeirola electoral polo dano que se lle fai á farola ó estar pintadas e que os circos colocan a propaganda cun protector plástico ou cunha goma e non con abrazadeiras metálicas, de xeito que non se dana a farola.

Fai uso da palabra o Sr. Alcalde e di que na propaganda dos circos, preocúpase a Policía Local de vixiar que se poña cun plástico e un forro por dentro para que non cause danos ás farolas. Di que non se pode equiparar a propaganda electoral coa que poñen os circos, porque non ten ningunha relación, e que ademais nas campañas electorais pídese desde a Xunta Electoral onde se poden poñer as bandeirolas e neste ano déronse facilidades, pois había moitos partidos e podería haber poucas farolas, ampliouse a rúa Eloy Rodríguez Barrios, e non figuraba na documentación que se mandou á Xunta Electoral.

Pide a palabra o sr. Alonso Araújo para aclarar que na campaña anterior, previamente á presentación da denuncia para retirar a propaganda das farolas, el persoalmente chamou ó voceiro do PP, Moisés Blanco, para dicirlle que había que retirar esas bandeirolas por preservar o patrimonio municipal, e como se tardou dous ou tres días en retirar as bandeirolas fíxose a correspondente denuncia ante a Xunta Electoral.

Pide a palabra o sr. Crespo Díaz para preguntarlle ó sr. alcalde canto tempo vai permitir que se verta no Río Sil un desaugadoiro e fai o rogo de que se convoque a comisión de medio ambiente.

Fai uso da palabra o sr. alcalde para contestarlle que se produciu unha avaría moi complexa nese vertedoiro pois fallou o bombeo, bloqueándose as bombas, pero a empresa xa ten claro o que ten que facer, que en calquera

momento entrarán en funcionamento as bombas e que antes do final deste mes estará solucionado o problema.

Pide a palabra a sra. Rodríguez Vázquez e di dirixirse á sra. Álvarez Diéguez, sinalando que por acordo plenario as comisións informativas debían de convocarse cada dous meses e teñen que acudir á prensa para saber o que se fai na área de servizos sociais xa que a última convocouse fai seis meses, e que nesa última sesión se impulsou o primeiro banco do tempo e que agora en outubro leu na prensa que o Barco de Valdeorras ultima un banco do tempo e di que o que quere é recordarlle o que se acordou.

A sra. Álvarez Diéguez, fai uso da palabra para contestarlle á sra. concelleira Rodríguez Vázquez, e di que admitindo o excesivo tempo transcorrido entre comisións, a noticia non di nada novo da iniciativa do banco do tempo pois estase preparando o logo, os folletos, etc. Di que quen leva o tema é a traballadora social e estase estudando cómo enfocalo para que funcione mellor, e que antes de que se inicie haberá unha comisión para ver cómo impulsalo entre todos.

Segue no uso da palabra a concelleira sra. Rodríguez Vázquez para dirixirse ó concelleiro de cultura, sr. Ojea Arias, e di que dende o mes de xuño non houbo outra Comisión de Cultura, e que coñeceron pola prensa o nome do pregoeiro da Festa do Botelo e que lle gustaría que o comunicaran nunha Comisión.

Contéstalle o sr. Ojea Arias, concelleiro de Cultura, á sra. concelleira Rodríguez Vázquez, que na propia noticia da prensa xa pon que se levará á próxima Comisión de Cultura. Di que están esperando que remate o prazo para solicitudes de subvencións, que finaliza este venres, e convocar a Comisión e que seguro que se celebrará o xoves da semana que ven.

3º Dacións de contas

1 Informe das resolucións da Alcaldía dende o nº 434/12 ata o nº 480/12 e das actas da Xunta de Goberno Local (28 de setembro e 4, 11, 18 e 25 de outubro de 2012).

A Presidencia dá conta das Resolucións dictadas pola Alcaldía dende a última sesión ordinaria ata a data da convocatoria da sesión e que abranguen dende o nº 434/12 ata o nº 480/12, e das actas das sesións da Xunta de Goberno Local celebradas os días 28 de setembro e 4, 11, 18 e 25 de outubro de 2012.

2 Informe en materia de morosidade.

Dáse conta pola alcaldía-presidencia do informe de morosidade do terceiro trimestre do ano 2012 (4/2012) sobre cumprimento da Lei de Morosidade e do informe da alcaldía sobre xustificación do incumprimento.

E non habendo máis asuntos que tratar polo sr. alcalde-presidente levántase a sesión sendo as 20:26 horas do día indicado no encabezamento, estendéndose a presente acta do que eu, como secretario, dou fe.

O secretario

O alcalde

Jesús Tallón García

Alfredo L. García Rodríguez